

O Octeto Vocal Voces del Más Acá fai escala en #Baiona para un único concerto

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 12 Agosto 2015 12:25



Posteriormente partirá para participar nas XVI Xornadas Corais de Santoña en Santander.

O **Octeto Vocal Voces del Más Acá**, convidado por terceira vez consecutiva, ao Festival Internacional Coral de Santoña en Santander, fai unha parada no Val Miñor, onde pasan unas xornadas de ensaios e gravacións, para realizar unha única actuación **este venres 14, na terraza do Asómate en Baiona a partir das 22.30 h** con entrada de balde.

Tras pasar polo XXIII Ciclo Coral Internacional de Polanco e polo XV Festival Internacional de Ochotes de Portugaleta (Bizkaia), o grupo está preparando o que será a súa primeira gravación tras a incorporación de Borja Bermúdez como novo baixo.

Entre os membros de **Voces del Más Acá** encóntrase a miñorana Aine Veloso, pianista graduada recentemente no Conservatorio Superior de Música de Salamanca, lugar onde nace o grupo con compoñentes de diversas partes de España.

O repertorio inclúe temas de jazz, pop, versións de temas clásicos de The Beatles, Norah Jones ou de Juan Luis Guerra.

Voces del Más Acá